

EXPEDIENTE Nº 9/2015 E. L.: "ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO".

LOTE A:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Presentada a documentación, sinalada na cláusula 15 do prego administrativo que rexe o presente contrato, requirida aos únicos licitadores presentados e admitidos, **"Dona Elvira Balboa Dobalo, Don Elisardo Balboa Dobalo e Constantino Balboa Dobalo"**, compróbase que non cumpre co disposto nos pregos, nos seguintes termos:

- a) Compróbase que a data das certificacións referentes ao cumprimento das obrigas tributarias, esixidas para contratar, é posterior ao da finalización do prazo de presentación das proposicións. A plica foi presentada en data 23/02/2016. Neste senso a cláusula 15.- "REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN" de xeito literal recolle: "A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos, agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.""
- b) Na escritura de propiedade do inmovible reflíctese que, os propietarios son Don Elisardo Balboa Dobalo, Constantino Balboa Dobalo e Manuel Fernández Fernández, o que implica que este último non coincide con ningunha das persoas físicas que presentaron a proposición.

En base aos argumentos anteriormente expostos, e previa fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 4 de abril de 2016, esta Alcaldía, en uso das súas atribucións resolve:

Primeiro: Non admitir a documentación presentada por **"Dona Elvira Balboa Dobalo, Don Elisardo Balboa Dobalo e Constantino Balboa Dobalo"**, precisa para a adxudicación do contrato do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"** – Lote A.

Segundo: Declarar deserta a contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO" – Lote A.**

Terceiro: Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A plica presentada por **"Dona Elvira Balboa Dobalo, Don Elisardo Balboa Dobalo e Constantino Balboa Dobalo"**, foi a única presentada e admitida de acordo cos criterios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que de conformidade coa proposta de adxudicación de data 10 de marzo de 2016, obrante no expediente, a Mesa de contratación lle otorga á plica 25,00 puntos polo criterio dependente de xuízo de valor e 30 puntos polo criterio do prezo, obtendo unha puntuación total de 55,00 puntos.

Cuarto: Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a catro de abril de dos mil dezaseis.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral



Ángel Luis López Pita



VISTO E CONFORME
DATA 4/4/16
INTERVENCIÓN DE
CONCELLO DE SANXENXO
04 ABR 2016